

¿QUE FAI A EDUCACIÓN SOCIAL POLOS DEREITOS DAS PERSOAS MAIORES?

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou os seguintes Principios en favor das Persoas Maiores que nos desenvolvemos vinculados ás aportacións que fai a Educación Social en cada un deles:

1. Ter acceso a alimentación, auga, vivenda, vestiario e atención da saúde adecuados.

As educadoras e educadores sociais defendemos a diario na nosa práctica profesional o cumprimento dos dereitos humanos de tódalas persoas e entre elas as persoas maiores. Entre os seus dereitos está ter cubertas as súas necesidades básicas e as educadoras e educadores sociais

velamos por que así sexa no desempeño da nosa labor diaria. É mais traballamos por que esas necesidades básicas se cubran de maneira que se respecte a dignidade da persoa e se teñan en conta os seus desexos.

2. Ter a oportunidade de traballar ou de ter acceso a outras oportunidades de obter ingresos.

As educadoras e educadores sociais cremos e defendemos na capacidade das persoas maiores como fonte inesgotable de sabedoría e de experiencia e na posibilidade de que se poidan considerar como expertos docentes de moitas materias e de que o fagan de xeito remunerado.

3. Poder participar na determinación de cando e en que medida deixarán de desempeñar actividades laborais.

As educadoras e educadores sociais desempeñamos unha importante labor educativa e reeducativa para o afrontamento da

xubilación e a adaptación a esa nova etapa. Axudándolles ás persoas nesta nova etapa a atopar novas motivacións e metas nas súas vidas.

4. Ter acceso a programas educativos e de capacitación adecuados

A Educación Permanente é un dereito para tódalas persoas, independentemente da súa idade ou condición, polo que dende a Educación Social apostamos por unha educación non formal que permita ás persoas seguir medrando e sentíndose realizados en tódalas etapas da súa vida.

5. Ter a posibilidade de vivir en entornas seguras e adaptables ás súas preferencias persoais e aos cambios das súas capacidades.

Tódalas persoas temos dereito a ter as mesmas oportunidades e a que se teñan en conta a diversidade nas nosas capacidades, así como a que contén coas nosas preferencias e opinións. Por iso, as Educadoras e Educadores traballamos por unha Planificación Centrada na Persoa que teña en conta o plan de vida da persoa e lle axude a conseguir os seus obxectivos e a vivir de acordo coas súas crenzas e valores

6. Poder residir no seu propio domicilio tanto tempo como sexa posible.

A tendencia no apoio e acompañamento das persoas maiores, as Educadoras e Educadores Sociais apostamos polo Modelo Housing para axudar a que a persoa se atope o mais cómoda posible e siga sendo a dona da súa vida, nunha entorna que lle resulta familiar e cómoda.

7. Permanecer integradas na sociedade, participar activamente na formulación e a aplicación das políticas que afectan directamente ao seu benestar e poder compartir os seus coñecementos coas xeracións máis novas.

Dende sempre, a Educación Social aposta por un modelo de Envellecemento Activo, que posibilite que as persoas maiores se sigan relacionando coa comunidade e formando parte da mesma como membros activos que aportan e son imprescindibles para un óptimo desenrolo da sociedade.

8. Poder buscar e aproveitar oportunidades de prestar servizo á comunidade e de traballar como voluntarias en postos apropiados aos seus intereses e capacidades.

Moitas persoas maiores, deciden inverter o seu tempo en axudar a outras persoas que o precisan, sendo un activo importante para a sociedade e aportando benestar ás persoas que axudan. Dende a Educación social tratamos de mediar para que tanto as persoas maiores que deciden ser voluntarias coma aquelas persoas que

precisan dalgún apoio por parte da sociedade cheguen a confluír, de maneira que outorgamos a posibilidade dun maior benestar para todas e todos a través da cooperación.

9. Poder formar grupos ou asociacións.

Dende a Educación Social apostamos porque as persoas maiores teñan dereito a agruparse en base a crenzas, ideais, actividades culturais e/ou recreativas... pois é importante que a persoa maior se sociabilice.

10. Poder gozar dos coidados e a protección da familia e a comunidade de conformidade co sistema de valores culturais de cada sociedade.

Dende a Educación Social avogamos porque se respecte ás persoas maiores, deixando que tomen decisións, que se brinden os coidados necesarios para ter unha vida digna e de calidade, e se vele pola súa protección, dado que se poden considerar persoas de alta vulnerabilidade

11. Ter acceso a servizos de atención de saúde que lles axuden a manter ou recuperar un nivel óptimo de benestar físico, mental e emocional, así como a previr ou retrasar a aparición de enfermidades.

Dende a Educación Social defendemos, apoiamos e reivindicamos que as persoas maiores teñan dereito a ter un acceso á sanidade pública, que poidan ter acceso á medicamentos, que as avaliacións a nivel cognitivo sexan de carácter transparente e reais. Ademais, como profesionais poñemos en marcha iniciativas que axuden a manter todas esas capacidades, xa sexa por medio da estimulación cognitiva como de actividades de educación emocional, talleres de saúde ou consellos de alimentación

12. Ter acceso a servizos sociais e xurídicos que lles aseguren maiores niveis de autonomía, protección e coidado.

Dende a Educación Social reclamamos que as persoas maiores poidan desfrutar duns servizos sociais de calidade, onde se vele polos seus intereses e necesidades, procurando a busca do seu benestar social, económico, familiar e cultural; e que estean cubertos xuridicamente ante problemas legais, herdanzas, tutelas...

13. Ter acceso a medios apropiados de atención institucional que lles proporcionen protección, rehabilitación e estímulo social e mental nun entorno humanitario e seguro.

Dende a Educación Social queremos que as persoas maiores que teñan que facer uso dalgunha institución por diversos motivos teñan o seu acceso máis sinxelo, sen ter que pasar por tantas trabas burocráticas, que as institucións sexan axeitadas as súas

necesidades, que reciban un bo trato e se traballe acompañando e favorecendo unha estimulación integral da persoa. Velando sempre polo trato digno e individualizado da mesma e apostando polos novos modelos de Planificación Centrada na Persoa

14. Poder gozar dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais cando residan en fogares ou institucións onde se lles brinden coidados ou tratamento, con pleno respecto da súa dignidade, crenzas, necesidades e intimidade, así como do seu dereito a adoptar decisións sobre o seu coidado e sobre a calidade da súa vida.

Dende a Educación Social avogamos, reivindicamos e seguimos o sistema de Atención Centrada na Persoa, pois consideramos esencial seguir o obxectivo que segue a persoa maior e facelo cumprir na súa totalidade. A persoa debe ser partícipe de como quere ser acompañada e o trato e apoios que quere recibir; e consideramos importante que isto se teña en conta e que esta sexa a base fundamental a seguir nos plans de apoio que entre os profesionais e a propia persoa decidan establecer.

15. Poder aproveitar as oportunidades para desenrolar plenamente o seu potencial.

As educadoras e educadores sociais traballamos a diario para que as persoas maiores aproveiten as súas capacidades e fagan unha transmisión de coñecementos as xeracións máis novas. Por outra

banda, no caso de padeceren limitacións, traballamos para que se centren en manter as capacidades conservadas e desenrolar outras novas a partires destas.

16. Ter acceso aos recursos educativos, culturais, espirituais e recreativos.

A Educación Social defínese por ser unha disciplina defensora dos dereitos de todas as persoas por igual. As educadoras e educadores sociais que traballamos esforzámonos a diario en que o feito de ter anos e as limitacións que isto conleva, non supoñan un atranco para que cada persoa maior poida acceder a aquilo que a fai feliz ou lle resulta significativo en calquera ámbito, xa sexa educativo, cultural, espiritual ou recreativo.

17. Poder vivir con dignidade e seguridade e verse libres de explotacións e de maltrato físico ou mental.

As educadoras e educadores sociais que traballamos coas persoas maiores observamos a diario que poden verse en claras situacións de vulnerabilidade ou indefensión. A nosa tarefa fundamental consiste na concienciación social de respecto por estas persoas e de emponderamento das mesmas fronte ás xeracións máis novas. En tanto en canto o sexan máis valoradas socialmente, as posibilidades de abuso sobre as mesmas serán cada vez menores.

18. Recibir un trato digno, independentemente da súa idade, sexo, etnia, discapacidade ou outras condicións, e serán valoradas independentemente da súa contribución económica.

As educadoras e educadores sociais protexemos os dereitos fundamentais das persoas. Para levar a cabo esta tarefa facemos un intenso traballo coas persoas maiores pero sobre todo coa súa entorna máis próxima para afastala do paternalismo e do asistencialismo e introducir cada vez máis a Atención Integral Centrada na Persoa, tendo sempre en conta as crenzas e valores da persoa maior sexa cal sexa o seu estado funcional, cognitivo e social.